

h) BONIFICACIONES E EXENCIONES.

No suposto de participar varios membros da mesma unidade familiar establécese unha bonificación do 50 % para o segundo e sucesivos membros

O custo previsible das actividades non cuberto polos precios públicos estímase en 1.460,53 , importe que se financiará con cargo ás aplicacións presupuestarias 334/131, 334/160 e 334/226.

i) ENTRADA EN VIGOR

O precio público entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

4. PRECIO PUBLICO XUNTANZA TERCEIRA IDADE

a) OBXECTO E SUPOSTO DE FEITO

O obxecto do precio público é a celebración da XVII XUNTANZA DA TERCEIRA IDADE o 17 de xullo de 2010 na carballeira de Famelga.

b) TARIFAS

As tarifas a abonar polos participantes serán de 8 €.

c) FORMA DE PAGO

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que soliciten as actividades polas que deban satisfacerse éstes.

Exisirase o depósito previo do importe total do prezo como requisito para acceder a actividade.

Acreditarase o pagamento mediante xustificante bancario que remitirá a oficina de servizos sociais con anterioridade ao inicio da actividade .

Cando por causas no imputables ao obrigado ao pagamento non fose posible a participación na actividade procederase a devolución do importe abonado previa solicitude do interesado.

O custo previsible das actividades non cuberto polos precios públicos estímase en 7.415,03 , importe que se financiará con cargo á aplicación presupuestaria. 231/226.

ENTRADA EN VIGOR

O precio público entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia .

O que se fai público en cumprimento do artigo 3.3 da ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos do Concello de Cotobade (BOP nº 93 do 19 de maio).

Cotobade, 5 de xullo de 2010.—O Alcalde, Manuel Loureiro Adán. **2010007746**

A N U N C I O

O Pleno do Concello de Cotobade, en sesión celebrada o pasado 24/6/2010 resolveu:

“1. Aprobar as novas retribucións da Alcaldía-Presidencia que serán de 40.545,58 € brutos anuais distribuídos en catorce mensualidades.

2. Aprobar as novas retribucións dos concelleiros con adicación parcial que serán de 16.567,01 € brutos anuais distribuída en catorce mensualidades para cada un deles.

3. Adoptar o compromiso de consignar nos orzamentos dos exercicios do 2010-2011 as partidas orzamentarias correspondentes para financiar o gasto proposto.

4. A cotización ao Réxime da Seguridade Social rexirase pola Disposición Adicional Sétima do Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio.

5. O financiamento de investimentos será a finalidade á que se destine o aforro derivado da aplicación destas medidas consonte ao establecido no artigo 14 c) do Real Decreto lei 8/2010, do 20 de maio.

6. Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.”

O que se fai público en cumprimento do artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Cotobade, 1 de xullo de 2010.—O Alcalde, Manuel Loureiro Adán. **2010007689**

* * *

O GROVE

E D I C T O

Carlos Chaves Prieto e/r de Mariscos Carpeska, S.L. solicitou desta Alcaldía licenza para obra e instalación dunha actividade comercial para venda de marisco, preparación, conservación e envasado para venda ó público, con emprazamento en Avda. Tte. Domínguez, 68, deste termo municipal (exp.12/10).

En cumprimento do establecido no artigo 86 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sométese o expediente a información pública por un período de vinte días hábiles, co fin de que nese tempo —que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría deste Concello e formular por escrito as reclamacións ou as observacións que estimen oportunas.

O Grove, 7 de xullo de 2010.—O alcalde, José Antonio Cacabelos Rico. **2010008030**